

Dores Tembrás: “O pulso poético da Coruña é extraordinario”

Publicado el 15/10/2015 por Guillermo Pardo en People, Últimas publicaciones



Dores Tembrás inicia a nova tempada de paseos literarios pola Coruña / Foto: Stephane Lutier

GUILLERMO PARDO / En colaboración coa [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#), o Concello da Coruña retoma o sábado 17 os [paseos literarios pola cidade](#), unha iniciativa que se iniciou e desenvolveu con éxito o ano pasado. Dores Tembrás será a escritora que guíe este primeiro roteiro da tempada, do que apunta algunhas cuestións ao tempo que reflexiona sobre o xeito de pousar a mirada na cidade.

– De onde a onde será este paseo?

– Saímos ás 12 dos xardíns de Méndez Núñez e remataremos nun lugar onde arte e mar se encontran. Ata aí pode dicir... Serán arredor de dous quilómetros con seis paradas.

– Que Coruña vai descubrir Dores Tembrás aos participantes?

– Agardo que unha Coruña que se ergue entre o íntimo e o público, con poemas d'O pouso do fume e algúns inéditos. Interésame que o paseo sexa un encontro cun tempo pasado, pero tamén coa vangarda da cidade, onde ademais estarán presentes autores moi admirados ligados a ela.

- En que se debería fixar e deter unha persoa que visita unha cidade?

- Non me atrevo a aconsellar. A min gústame pasear con tempo, visitar os monumentos, os museos, pero sobre todo camiñar, buscar unha papelería, un restaurante agradábel, un parque...

- E un coruñés que ve a súa todos os días?

- Preparando este paseo descubrín por exemplo unha ruta pola Coruña modernista que me puxo na pista de edificios por diante dos que pasei moitas veces e nos que non reparara. Creo que a cidade é infinda.

- Para vostede que é poeta, onde está o poesía da Coruña?

- O pulso poético da cidade é extraordinario, dende a oferta cultural, recitais, librerías que alentan as presentacións, número de poetas, os cursos de escrita poética... A pregunta sería: onde non está?

- Déanos unha exclusiva para o Coruña Daily News. Que está a escribir? Está traballando na publicación dalgunha nova obra?

- Agora estou máis centrada na labor editora e de formación en Apiario. Pero teño un par de proxectos abertos aos que espero regresar no vindeiro ano.